CONCELLO DE TABOADELA

Escudería TABOADELA

# VI XUNTANZA CLÁSICOS TABOADELA

REGULAMENTO PARTICULAR




inorde turismo Ourense · OU · DEPUTACIÓN OURENSE · CONCELLO DE TABOADELA · Escudería TABOADELA

# VI XUNTANZA CLÁSICOS TABOADELA

REGULAMENTO PARTICULAR

## ARTIGO 1: ORGANIZACIÓN

**1. ENTIDADE ORGANIZADORA:**

A **Escudería Taboadela** entidade sen ánimo de lucro, organiza este evento denominado ***VI Xuntanza Clásicos Taboadela***, que se desenvolverá o día 19-04-2026.

**2. RESPONSABLES DE ORGANIZACIÓN:**

**Director do evento:**

- Jorge Salgado Pérez D.N.I.: 44475710N

**Responsables Seguridade Vial:**

- Jorge Salgado Pérez D.N.I.: 44475710N
- Hugo Amaro Fernández D.N.I.: 44481157P

**Secretaria do evento:**

- Lorena Salgado Pérez D.N.I.: 44486097A

**Relación con participantes:**

- Jorge Salgado Pérez
- Lorena Salgado Pérez
- Hugo Amaro Fernández

**Vixilancia e seguridade:**

- Protección Civil

**3. CONTACTO ESCUDERÍA TABOADELA:**

escuderiataboadela@gmail.com

Tlf: 619 196 954

## ARTIGO 2: DESCRICIÓN

O evento deportivo non competitivo consiste nunha reunión e un percorrido para vehículos históricos, segundo real **decreto 1428/2003 do 23 de decembro de 2004** e de acordo cos **artigos 32 e 33 do anexo II sección 3ª,** cunha velocidade media inferior a 50 km/h. cunha quilometraxe total de **40 km.** para os vehículos clásicos. **Desenvolvendo por estradas abertas ó tráfico**, **na que os participantes terán que respectar en todo momento as normas de circulación**, os vehículos participantes sairán en pequenos grupos cun intervalo entre eles, tratando de evitar no posible a formación de caravanas durante o percorrido, non obstante como **medida de sinalización do evento,** a circulación dos vehículos estará precedida por un vehículo piloto en cada grupo. **O vehículo que incumpra as normas deste regulamento ou na ruta dedíquese a facer derrapes ou manobras perigosas será expulsado do evento.**

A ***VI Xuntanza Clásicos Taboadela*** de Vehículos réxese polas seguintes normativas:

1. **Regulamento xeral de circulación.**
2. **Regulamento particular do evento.**
3. **Disposicións xerais F.I.V.A. (Federación Internacional de Vehículos Antigos).**
4. **Normativa F.E.V.A. (Federación Española de Vehículos Antigos).**

## ARTIGO 3: VEHÍCULOS ADMITIDOS

Poderán participar aqueles vehículos de carácter clásico que teñan **30 ou máis anos de antigüidade**, sempre que cumpran as leis e normas de tráfico vixentes en España, así como tódolos requisitos esixidos nas verificacións técnicas e administrativas.

Unha vez admitido a participar, só se poderá cambiar o automóbil inscrito coa necesaria autorización.
A **criterio da Organización** poderase permitir a inscrición de **5 vehículos** que non cumpran este artigo, logo de consulta a organización. (precísase enviou de Fotos do Vehículo para esta petición).
Limítase a inscrición máxima a **100 vehículos**, e se a organización o considera oportuno poderase ampliar en **15** vehículos máis.

## ARTIGO 4: VERIFICACIÓNS

**Realizarase á entrada do vehículo no parque de custodia unha verificación para comprobar os seguintes puntos:**

**Administrativas:**
- Seguro Obrigatorio de Responsabilidade Civil en vigor.
- Inspección Técnica de Vehículos en vigor.
- Carné de conducir

**Técnicas:**
- Medidas seguridade obrigatorias (chalecos, triángulos, casco, etc.).
- Sonoridade do escape e aspecto visual do vehículo (a criterio organización).
- Luces e intermitencia.

## ARTIGO 5: LIBRO DE RUTA

Faráselles entrega aos participantes do libro de ruta co percorrido antes da saída do parque de custodia, o cal deberán respectar integramente, salvo en caso de forza maior, decidido pola organización.

## ARTIGO 6: PARQUE DE CUSTODIA E REAGRUPAMENTO

O parque de custodia estará situado nos exteriores do pavillón polideportivo de Taboadela, onde os vehículos reuniranse ao inicio e final do evento.

Os reagrupamentos serán no pobo de Santa Mariña de Augas Santas e no pobo de A Pousa (Taboadela).

## ARTIGO 7: PUBLICIDADE

Como o evento non é unha proba deportiva, a organización non admite publicidade nos vehículos participantes.
Admítese a publicidade naqueles vehículos que estean decorados como réplicas de vehículos que participaron en probas da época (esíxese foto demostrativa), ou que sexan utilizados con fins de promoción publicitaria.
Non se admite publicidade no parabrisas (con base no artigo 19 do código de circulación referente á visibilidade nos vehículos).

## ARTIGO 8: DEREITOS DE INSCRICIÓN

**- O dereito de inscrición é de 35€ por persoa participante no evento maiores de 15 anos.**
**- Os nenos de entre 9 e 15 anos (ambos incluídos) a inscrición é de 20€. (menores de 8 anos gratis).**
**- Os socios de Escudería Taboadela terán 5€ de desconto na inscrición.**
Inclúe:
- Almorzo de benvida no pavillón polideportivo de Taboadela.
- Entrega libro de ruta, pegatina e obsequio por vehículo.
- Ruta de 40 km polas estradas e pobos de Taboadela e concellos de arredores.
- Parada no pobo de Santa Mariña de Augas Santas e A Pousa para visita e sesión vermú.
- Comida que se realizará no pavillón de Taboadela.
- Entrega de trofeos.
- Sorteo de agasallos entre os participantes (agás menores de 15 anos que non participan).

**En caso de non participación dun vehículo, debe ser comunicado con 4 días de antelación como mínimo á organización do evento para que teña dereito á devolución da inscrición. Se un vehículo é expulsado do evento por incumprir este regulamento non terá dereito de devolución.**

## ARTIGO 9: TROFEOS

**Para a asignación dos trofeos teranse en conta as seguintes normas polas que se rexerá o xurado designado para esta función. As persoas designadas teñen coñecementos en mecánica e de restauración de vehículos antigos, e utilizarán o seu criterio para a elección dos premiados.**

- **Máis Antigo:** O vehículo máis antigo por data de matriculación.
- **Máis orixinal:** O vehículo que teña todo pezas orixinais do modelo.
- **Mellor Restaurado/Conservado:** O vehículo ben conservado/restaurado respectando a súa orixe.
- **Máis Divertido:** O vehículo máis animado, ocupantes vestidos de época, caracterizados etc...
- **Trofeo Antonio Adao:** Mención especial do organizador.
- **Clásicos Taboadela:** O club con máis vehículos que acudan o evento.

## ARTIGO 10: RECLAMACIÓNS

As reclamacións ou apelacións só se poderán realizar por escrito ao finalizar as seccións da ruta e sempre a través da dirección do evento e cun depósito de 50 euros, que de prosperar dita reclamacion se devolverá o depósito.

**ESCUDERÍA TABOADELA**
Espiñeiro 30
32691 Taboadela – Ourense
escuderiataboadela@gmail.com
619 196 954
**www.escuderiataboadela.com**




**PROGRAMA HORARIO IV XUNTANZA CLÁSICOS TABOADELA**

| PROGRAMA | DIA | LUGAR | HORA |
|---|---|---|---|
| APERTURA INSCRICIÓNS | 01–03-2026 | ESCUDERIA TABOADELA<br>www.escuderiataboadela.com | 20:00H |
| PECHE INSCRICIÓNS | 14-04-2026 | ESCUDERÍA TABOADELA | 21:00H |
| PUBLICACIÓN VEHÍCULOS ADMITIDOS | 17-04-2026 | REDES SOCIAIS<br>www.escuderiataboadela.com | 18:00H |
| PARQUE CUSTODIA<br>VERIFICACIÓNSY ENTREGA DOCUMENTACIÓN<br>EXPOSICIÓN VEHÍCULOS | 19-04-2026 | PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TABOADELA<br>MONTE DE SAN XOAN | 09:00H – 10:30H |
| SAÍDA 1ª PARTE RUTA | | | 10:40H |
| REAGRUPAMENTO<br>VISITA | | SANTA MARIÑA DE AUGAS SANTAS | 11:00H |
| SAÍDA 2ª PARTE RUTA | | | 12:00H |
| REAGRUPAMENTO<br>VISITA E MISA DE RAMOS | | CASA-TALLER<br>ESCULTOR XOSE CID<br>A POUSA | 12:30H |
| SAÍDA 3ª PARTE RUTA | | | 13:30H |
| CHEGADA PARQUE CUSTODIA | | PAVILLÓN POLIDEPORTIVO TABOADELA<br>MONTE DE SAN XOAN | 13:50H |
| COMIDA, SORTEO REGALOS, TROFEOS E FINAL EVENTO | | | 14:15H – 17:00H |